

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 9

SESION ORDINARIA DO 25 DE MAIO DE 2009

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velooso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinteseite de abril do ano dous mil nove, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz e Velooso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a M^a Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o membro da Xunta de Goberno Local Sr. Álvarez Álvarez e mailo Interventor Xeral, don Juan Ramón González Carnero.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratalos asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria, convocado por orde do día do 21 de maio que obra en poder dos señores e señoras concelleiros. Constatamos quórum. Abrimos sesión pública e iniciamos o Pleno.

Antes de iniciar a orde do día quería comunicarlles ós señores e señoras concelleiros que acabamos de manter unha Xunta de Voceiros aos efectos de establecer definitivamente os tempos de intervención no Pleno. Esta foi unha medida que se aprobou ao principio de mandato pero que non sempre tivo o seu cumprimento.

Establecemos e comunicamos ós voceiros dos tres grupos políticos, Grupo Popular, Grupo Socialista e Grupo do BNG, as duracións das intervencións nas mocións en termos de dez minutos en primeira intervención, cinco en segunda, tres minutos de peche pola parte do grupo propoñente. Estas duracións van seren aplicadas a partir de agora e as razóns son en primeiro lugar a duración dos Plenos que cómpre que non se prorroguen e duren indefinidamente e en segundo lugar unha razón de equidade en termos de que todos os propoñentes saiban os tempos máximos de duración, que non suceda que alguén utilice o dobre do tempo en tanto que outro grupo só ten preparada a súa intervención para os tempos acordados. A priori isto non ten ningunha dirección para ningún grupo específico e polo tanto é unha norma global.

Quero dicir así mesmo que xa comuniquei ós tres voceiros que no caso de que algún punto da orde do día, como sucede decote, teña unha especial relevancia política para algún dos grupos abonda coa comunicación ao Alcalde ben na Xunta de Voceiros ou ben inmediatamente antes de entrar no Pleno, para que se considere a posibilidade de que a duración das intervencións sexa máis longa que os dez, cinco e tres minutos. Polo tanto estas serán as normas de duración a partir deste momento.

1.- (73).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 23/30.03.09 E 03.04.09)

Por unanimidade dos vinte e cinco membros da Corporación, que a constitúen de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións extraordinaria do 23 de marzo, ordinaria do 30 de marzo e extraordinaria do 3 de abril de 2009.

2.- (74).- DAR CONTA DO ESCRITO DE DATA 1 DE MAIO DE 2009, DE RENUNCIA Ó POSTO DA CONCELLEIRA D^a LUCIA MOLARES PÉREZ

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 4 de maio de 2009, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, dona Lucía Emilia Molares Pérez renuncia ó seu cargo de concelleira dende a data da súa toma de posesión como Delegada Territorial da Xunta de Galicia en Vigo.

Ó abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais,

ACORDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución da Sra. concelleira citada conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato/a ó que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, o candidato que debe cubrir a vacante producida é don José Manuel Couto Pérez, número 15 da lista electoral presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral

Central a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

INTERVENCIÓN A PRESIDENCIA: Ó tempo de dar conta, o Presidente do Pleno quere facer constar a felicitación e o recoñecemento a D^a Lucía Molares polo tempo que dedicou durante a súa carreira política a este Concello.

3.- (75).- DAR CONTA DO ESCRITO DE DATA 13 DE MAIO DE 2009, DE RENUNCIA Ó POSTO DA CONCELLEIRA D^a MARÍA CORINA PORRO MARTÍNEZ.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 13 de maio de 2009, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, dona María Corina Porro Martínez renuncia ó seu cargo de concelleira dende a data da súa toma de posesión como Presidenta da Autoridade Portuaria de Vigo.

Ó abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre substitución de cargos representativos locais, ACORDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ó obxecto de que se proceda á substitución da Sra. concelleira citada conforme ó disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo a estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato/a ó que corresponde cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, o candidato que debe cubrir a vacante producida é don Ignacio Javier López-Chaves Castro, número 16 da lista electoral presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central a efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia

S.Ordinaria 25.05.09

e actúe en consecuencia.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Tamén neste caso quere facer o Presidente mención explícita á felicitación e ó recoñecemento de toda a traxectoria política, profesional e persoal de D^a Corina Porro neste Concello ben como concelleira, ben como Alcaldesa.

4.- (76).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 24 DE ABRIL, POLO QUE SE NOMEA CON CARÁCTER ACCIDENTAL SECRETARIO XERAL DO PLENO DA CORPORACIÓN A DON MANUEL XOSÉ LORENZO PENELA.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 24 de abril de 2009, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O nomeamento do titular da Secretaría Xeral do Pleno, don José Riesgo Boluda, como Secretario Xeral da Consellería de Economía e Industria (DOG 24 de abril de 2009), que pasa á situación de servizos especiais, fai que o seu posto deba ser cuberto dalgunha das maneiras establecidas na sección cuarta, artigos 39 e seguintes, do decreto 49/2009, do 26 de marzo, da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Por todo o exposto, ata que non se proceda á provisión do posto dalgunha das outras formas que establece o decreto mencionado, no exercizo das competencias que me confire a lexislación vixente teño a ben ditar a seguinte

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Nomear con carácter accidentas secretario xeral do Pleno a don Manuel Xosé Lorenzo Penela, titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Dar conta desta resolución ó Concello Pleno na primeira sesión que realice así como ós interesados, ós efectos oportunos.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

5.- (77).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 18 DE MAIO, POLO QUE SE NOMEA SECRETARIA XERAL DO PLENO DA CORPORACIÓN, EN RÉXIME DE COMISIÓN DE SERVIZOS A D^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.

S.Ordinaria 25.05.09

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 18 de maio, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Solicitada a cobertura con carácter transitorio do posto vacante de Secretario/a Xeral do Pleno en réxime de comisión de servizo motivada no nomeamento do seu titular como alto cargo da Administración autonómica e tendo sido autorizada a comisión de servizos solicitada por Resolución do Director Xeral de Administración Local de data 12 de maio do 2009 (documento nº 90073885) a favor da funcionaria con habilitación de carácter estatal D^a M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA, Secretaria Xeral do Concello de Cangas, integrada na Subescala de Secretaría, Clase Superior.

Visto o preceptuado no Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, pola presente e no uso das facultades que a vixente lexislación en materia de Réxime Local lle confire a esta Alcaldía-Presidencia segundo o artigo 124 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local,

RESOLVO

Nomear a D^a M^a CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA Secretaria Xeral do Pleno do Concello de Vigo, en réxime de comisión de servizos de carácter temporal, por un período máximo de 1 ano a contar dende a súa toma de posesión, a cal deberá materializarse nos termos e prazos previstos na resolución que autoriza a comisión de servizos.

Déase traslado da presente resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que se realice.”

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Ó tempo que damos conta deste nomeamento, queremos desexarlle unha feliz estancia neste Concello como Secretaria e desexarlle os maiores éxitos.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación

6.- (78).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 24 DE ABRIL, POLO QUE SE RESOLVE NOMEAR MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL A DON EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 24 de abril, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

S.Ordinaria 25.05.09

“Mediante resolución de data 13 de abril de 2009, esta Alcaldía resolvía separar a D^a Elena Maure Noia como membro da Xunta de Goberno Local, quedando vacante dito posto, polo que de conformidade co previsto no art. 126.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear membro da Xunta de Goberno Local a D. EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ, que non ostenta a condición de concelleiro.

Segundo.- Comunicar esta Resolución ó interesado, á Secretaría da Xunta de Goberno Local e ás dependencias municipais de Tesourería e Persoal.

Terceiro.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de que quede enterado da mesma de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co art. 38.d) do mesmo corpo legal.”

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Xa transmitíramos a felicitación pola súa incorporación a este Pleno pero a reiteramos ó tempo de dar conta.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

7.- (79).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 24 DE ABRIL, POLO QUE SE RESOLVE DELEGAR AS ÁREAS DE PATRIMONIO HISTÓRICO NO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DON EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 24 de abril, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Mediante resolución de data 13 de abril de 2009 esta Alcaldía encomendaba as funcións inherentes á Área de Patrimonio Histórico ó Concelleiro, D. Xesús López Carreira, en substitución de D^a Elena Maure Noia.

De conformidade co previsto no art. 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora

S.Ordinaria 25.05.09

das Bases do Réxime Local, resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 13 de abril de 2009 no senso de que as funcións inherentes á Área de Patrimonio Histórico que dende esa data están sendo desenvolvidas polo concelleiro D. Xesús López Carreira, pasen a ser desempeñadas polo membro non electo da Xunta de Goberno Local, D. EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ.

Segundo.- Comunicar esta resolución ó interesado e ó concelleiro afectado, así como á Xefatura de Patrimonio Histórico e ás dependencias municipais de Tesourería e Persoal.

Terceiro.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Cuarto.- Da presente resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación a efectos de que quede enterado da mesma, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/1986, en relación co art. 38.d) do mesmo corpo legal.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

8.- (80).- DAR CONTA DE DECRETO DA ALCALDÍA DE DATA 24 DE ABRIL, POLO QUE SE RESOLVE A ADXUDICACIÓN DO RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA A UN MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 24 de abril, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“Con data 24.04.2009 esta Alcaldía nomeou membro non electo da Xunta de Goberno Local a D. EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ. En base ó acordo plenario de 03.09.2007 que modificaba o anterior acordo do 17.07.2007 relativo ás dedicacións exclusivas e parciais dos concelleiros e tendo en conta que unha das dedicacións exclusivas do Grupo Municipal do BNG quedou vacante, segundo resolución da Alcaldía de data 13.04.2009, é polo que en virtude do art. 75.5 da LBRL,

RESOLVO,

Primeiro.- D. EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ exercerá a súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cunha retribución bruta anual de 67.167,94 € con efectos dende o 24.04.2009.

Segundo.- A retribución aboarase en catorce pagas; o importe revisarase

S.Ordinaria 25.05.09

anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- A retribución por dedicación exclusiva implicará a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Cuarto.- Notificar a presente resolución ó interesado, advertindo que no prazo dos tres días seguintes á notificación, deberá dirixir escrito a esta Alcaldía a través da Secretaría Xeral do Pleno no que se manifieste a aceptación ou non aceptación da dedicación, escritos dos que deberá darse conta ó Pleno na seguinte sesión que este órgano realice.

Sexto.- Notificar a presente resolución á Unidade de persoal deste Concello, á Tesourería e á Intervención Xeral.

Sétimo.- Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia (BOP), e no Taboleiro de Editos do Concello.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

9.- (81).- DAR CONTA DO ESCRITO DE DATA 5 DE MAIO DE 2009, DE ACEPTACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DUN MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 5 de maio de 2009, número 90064757, o membro da Xunta de Goberno Local, don Eudosio Álvarez Álvarez, en relación coa resolución da Alcaldía de data 24 de abril pola que se lle adxudicou o réxime de dedicación exclusiva, comunica a súa aceptación ó devandito réxime de retribucións.

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

10.- (82).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE D. EUDOSIO ÁLVAREZ ÁLVAREZ COMO MEMBRO DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 14 de maio de 2009, e por mor do cesamento da anterior delegada da Área de Patrimonio Histórico, o Alcalde-Presidente fixo a seguinte proposta para a súa aprobación polo Pleno da Corporación:

“O artigo 14.1 dos estatutos do “Consortio Casco Vello de Vigo”, modificado en virtude da proposta do Pleno do Concello de Vigo acadada en sesión do 30 de xaneiro de 2006, sinala que o número de representantes da administración municipal no ente local mencionado é de catro elixidos polo Pleno.

Como consecuencia do cesamento da anterior delegada da Área de Patrimonio Histórico dona Elena Maure Noia por resolución da Alcaldía de data 13 de abril de 2009, faise necesario o nomeamento dun substituto para ocupar o seu posto no consorcio do Casco Vello de Vigo.

Por escrito de data 14 de maio actual, o tenente de alcalde propón o nomeamento de don Eudasio Álvarez Álvarez, delegado da área de Patrimonio Histórico por resolución da alcaldía de data 24 de abril de 2009.

Polo anteriormente exposto propono ó Pleno da corporación:

Primeiro.- Designar como representante do Concello de Vigo no Consello de Administración do “Consortio Casco Vello de Vigo” ó membro da Xunta de Goberno Local, don Eudasio Álvarez Álvarez, en substitución de dona Elena Maure Noia.

Segundo.- Do presente acordo deberá darse conta ó interesado e ó Consorcio Casco Vello de Vigo.”

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e cinco membros da Corporación, que a constitúen de feito, ACÓRDASE:

Primeiro.- Designar como representante do Concello de Vigo no Consello de Administración do “Consortio Casco Vello de Vigo” ó membro da Xunta de Goberno Local, don Eudasio Álvarez Álvarez, en substitución de dona Elena Maure Noia.

Segundo.- Do presente acordo deberá darse conta ó interesado e ó Consorcio Casco Vello de Vigo.”

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todos os asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas

da violencia doméstica.

INTERVENCIÓN DO SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, unha cuestión de orde. O Grupo municipal do Partido Popular vai retirar todas as mocións en sinal de protesta pola actitude do Alcalde quen quince minutos antes da convocatoria deste Pleno, unha vez máis cun comportamento que coidamos que non é o normal porque esa reunión non se pode facer quince minutos antes dun Pleno, reuniunos para dicir que ía aplicar a limitación dos tempos de debate.

Levamos catro minutos de Pleno e un minuto de silencio, en total cinco minutos; de non teren as mocións do Partido Popular este Pleno estaría completamente baleiro de contido.

Parécenos que esta non é a mellor actitude a tomar. Esta cidade foi sempre un referente da pluralidade, de facer debates políticos nos Plenos e mesmo cando estes tiñan contido. Ademais parécenos moi grave porque se tomou unha decisión na Xunta de Voceiros de tentar cambiar o Regulamento orgánico do Pleno. Convocáronos a catro reunións pero dende o 28 de xaneiro deste ano paralizouse esa comisión porque vostedes, BNG e Partido Socialista, non están de acordo coas propostas que van facer para ese cambio de Regulamento orgánico.

Polo tanto e en sinal de protesta retiramos todas as mocións e ímonos levantar deste Pleno. O Pleno dura cinco minutos se o Partido Popular non presenta as mocións.

Polo tanto se vostede quere isto, quere amordazar á oposición, que non fale, se a quere acernar, alá vostede. Parécenos que o xeito correcto sería que vostedes presentaran unha proposta de proxecto de regulamento orgánico de Pleno, cousa que non fixeron. Poderían traer a este Pleno de queren cambialo ou modificalo.

Parécenos que esa sería a actitude democrática dun alcalde e non a da prepotencia e a da arrogancia por teren os votos.

Fagan o que consideren oportuno que nós nestes momentos en sinal de protesta retiramos as nosas mocións.

Sra. Abelairas, hai un proxecto de regulamento do Pleno pero paralizaron as

reunións. Alá vostedes, retiramos as mocións e ausentámonos do Pleno.

Sendo as nove horas e vinteún minutos o Grupo municipal Popular, integrado polos concelleiros Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Larriba Leira, Martiño Gómez e Muñoz Posse, abandonan o salón do Pleno.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Lamento profundamente o que acaba de facer o Partido Popular pero por respecto ós cidadáns, o Grupo municipal do BNG e máis o Goberno imos seguir aquí porque o Pleno da Corporación é o máximo organismo de representación municipal e aquí estamos para representar ós cidadáns, para defender aqueles temas que consideremos oportunos para os cidadáns e non para faceren política partidista nesta Corporación.

Quero que conste en acta que o que acaba de facer o Partido Popular é unha falla de respecto absoluto, en primeiro lugar para os comerciantes desta cidade. Agora mesmo iamos tratar unha moción moi importante porque é importante o comercio da cidade.

O Partido Popular despreza ós comerciantes cando retira esta moción por mor de faceren política partidista. O Partido Popular acaba de ter unha falla de respecto total cara á cidade porque unha das mocións que ía presentar trataba do borrador da Carta da Cidade e a importancia desta para a cidade de Vigo. Unha falla absoluta de respecto para todas as persoas da rúa Loriga e das súas inmediacións que segundo o Partido Popular e segundo todo o mundo sofren problemas de ruidos e demais; unha falla de respecto a eses veciños porque o Partido Popular lles furta a posibilidade de que se debata aquí esta problemática. Unha falla de respecto ós cidadáns que segundo o Partido Popular sofren as molestias polas obras da nosa cidade xa que lles furta a posibilidade de debater neste Pleno da Corporación as medidas para que a fluidez do tráfico e do transporte público axuden. E por suposto, unha falla de respecto absoluto ós funcionarios e funcionarias deste Concello e ós traballadores e traballadoras desta cidade xa que lles furta a posibilidade de debater sobre a posible convocatoria da Oferta Pública do Concello de Vigo. Por suposto unha falla de respecto absoluto ó Plan Local de Drogas e a todas as persoas que sofren esta

problemática e que son usuarias dun servizo como Cedro porque lles furta a posibilidade de debater. Tamén unha falla de respecto ó deporte da nosa cidade porque segundo o Partido Popular os clubs da nosa cidade viven unha época moi importante de crise e hoxe se ía debater unha moción moi importante para os axudar e tamén se furta esta posibilidade.

Falla de respecto absoluto a unha Corporación municipal. Se hai temas cos que o Partido Popular non está de acordo e é lexítimo que non o estea, que se debatan e discutan nesta Corporación, que o Partido Popular poña enriba da mesa as súas alternativas a este goberno, pero non que abandone a esta Corporación. Abandonar esta Corporación significa que o Partido Popular acaba de demostrar hoxe diante da cidade que non ten absolutamente ningunha alternativa que poñer enriba da mesa ante este goberno municipal e que cando as cousas van mal e perden argumentacións érguense e marchan.

Señores e señoras corporativos, o Partido Popular acaba de demostrar que non ten alternativa en absoluto a este goberno municipal.

Pola banda do Bloque Nacionalista Galego imos manter a moción conxunta e urxente que como goberno queremos presentar e cando teña a ben, Sr. Alcalde, dáme paso para a defender. Moitas gracias.

SR. LÓPEZ FONT: Coido que é importante que os cidadáns perciban o que fixo hoxe o Partido Popular neste Pleno do Concello de Vigo.

En primeiro lugar non é a primeira vez que realiza esta espantada, que dá as costas ós cidadáns e non é a primeira vez que diante de temas que se tratan neste Pleno érguense coas argumentacións que deron no día de hoxe.

Polo tanto este é o Partido Popular, o de toda España e especialmente este é o Partido Popular de Vigo que non quere, como dixo perfectamente o Sr. Tenente de Alcalde, debater esas mocións que eles mesmos presentaron e é así como lles dan as costas ós cidadáns.

É importante lembrar o único que expuxo o Sr. Alcalde que xa estaba dito anteriormente: unha limitación razoable de tempos que en primeiro lugar está no Regulamento orgánico que ten este Pleno e polo tanto o sabía o Partido Popular e, como eu persoalmente lle dixen ó Sr. Figueroa na Xunta de Voceiros, isto

estaba acordado e o Partido Popular debe respectar os acordos que se toman na Xunta de Voceiros. Hai xa moitos meses que o Sr. Alcalde nun intento de racionalizar o debate que se produce neste Pleno quixo establecer e establecéronse uns tempos de intervención. Este foi un acordo da Xunta de Voceiros, acordo no que os votos do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego estiveron marcando estes tempos e o Partido Popular coñecíaos.

Á vista da actitude do Partido Popular semella que se trata de furtar o debate, pero en absoluto. Os tempos acordados son dez minutos na primeira intervención, cinco minutos na segunda e tres para conclusións. Cidadáns de Vigo: o Partido Popular ten dezaoto minutos para defender cada unha das mocións que presenta a este Pleno. Coido que é un tempo suficiente como para que se debatan todos os asuntos.

O que ocorre é que o Partido Popular non trae a este Pleno mocións para discutir nin sobre os comerciantes, nin sobre a Carta da Cidade, nin sobre determinadas cuestións; non. O Sr. Figueroa é un dos maiores artífices e así o Partido Popular trae aquí mocións para rematar falando de política xeral, para facer campaña electoral, facer campañas de todo tipo e agochar, como fixeron durante dous anos, á voceira do Grupo municipal Popular quen só interveu nunha ocasión neste Pleno. Espero que a cidadanía saiba xulgar o que hoxe novamente fixo o Partido Popular en relación con este Pleno porque non é a primeira vez.

Pero ó Grupo municipal Socialista e coido que ó Bloque Nacionalista Galego non nos van enganar. Non querían debater as mocións de hoxe nin ter o debate político correspondente sobre o que fixo o Presidente da Xunta con respecto á cidade de Vigo. Iso é o que non querían debater hoxe aquí. Moito me sorprendía que non retiraran a moción sobre a Carta da Cidade porque hai que lembrar aquí que en menos dun mes o Presidente da Xunta de Galicia prometeu e puxo no Diario Oficial de Galicia unha descentralización administrativa teórica para a cidade de Vigo, configurou un posto de Delegado territorial para a cidade de Vigo e atopámonos con que diante da primeira presión que tivo o Presidente da Xunta de Galicia deulle as costas á cidade de Vigo, traizoouna.

A moción da Carta da Cidade xa a debatemos no Pleno do mes de setembro. O Sr. Conde Gil dicía que o Partido Popular estaba a favor da descentralización

administrativa. Pois vaia descentralización administrativa pretendían co que fixo o Sr. Núñez Feijóo. Ademais xa denunciámos dende o goberno que o problema nestes momentos é a complicidade deses asentos baleiros do Grupo municipal Popular. Esa é a resposta deles, da Sra. Porro que di permanentemente que antepón Vigo a toda a súa política. Eses asentos son a súa resposta, iso é o que teñen que ver os cidadáns: cadeiras baleiras porque non queren discutir a Carta da Cidade que evidentemente é unha parte desa descentralización administrativa que ían facer.

Pero non só é iso, non só nun mes fixo iso o Sr. Núñez Feijóo senón que anunciou que se ía opoñer á Cidade do Mar que deixara o anterior goberno, que vai privatizar ou non construír o hospital de Vigo. Pois que saiba o Sr. Núñez Feijóo e que saiban eses asentos baleiros, en especial o Sr. Figueroa, que vai ter nesa batalla a este goberno, que imos defender á cidade de Vigo onde a hai que defender: no Pleno, onde hai que debater politicamente e onde eles non queren.

Tiñan tempo abondo para discutir as mocións. O Sr. Figueroa non anunciou na Xunta de Voceiros que se ían ausentar deste Pleno e polo tanto coido que iso define absolutamente o que acaban de facer hoxe. Están moi errados se pensan que é unha actitude e unha medida contra este goberno. Non, o que están facendo vai en contra da cidade pero a cidade xa está decatándose de como a defenden. Xa me gustaría a min que con esa linguaxe que tiveron durante os dous anos desta Corporación de instar con urxencia ó goberno autonómico e ó central, se plantase o hoxe voceiro do Grupo popular diante do Sr. Núñez Feijóo, diante dun dos maiores inimigos desta cidade que é o Presidente da Deputación, Sr. Louzán. Claro que el é o Vicepresidente. Xa me gustaría que el nesas instancias defendese á cidade de Vigo.

A defensa da cidade de Vigo que fai o Partido Popular, estimados cidadáns e cidadás de Vigo, é a que acaban de comprobar hai escasamente cinco minutos: erguerse, non querer debater, non querer dicir a esta cidade cal é o proxecto de seu porque temían, por iso non se mantiveron no seu lugar, que en escasamente un mes o goberno da Xunta de Galicia estalle dando as costas á cidade de Vigo e iso é só por motivos partidistas.

A Sra. Porro escapa ó posto de Presidenta do Porto; a Sra. Molares escapa a un

posto que no único no que a converteu é en comisaria política, Hai que dicir aquí que se hai unha Delegada Territorial en Vigo é para que Vigo e os seus catorce municipios teñan competencias nesas Consellerías. Lémbrolles a todos os cidadáns que co anterior goberno nesta cidade había catro delegados territoriais da Xunta de Galicia e cando o Sr. Núñez Feijóo anunciou as súas propostas de descentralización administrativa todos estivemos de acordo, este goberno tamén, en que houbera dez delegados territoriais nesta cidade. Pois co que se fixo, en troques de gañar perdemos.

É evidente que o Partido Popular practica permanentemente a covardía política. Non quixeron debater orzamentos no Pleno deste Concello e esta é a súa actitude.

Este goberno manifesta o seu talante democrático, como ten dito o Alcalde en Xunta de Voceiros este goberno manifesta a súa flexibilidade á hora de que haxa aquí debates pero como ben dicía o Tenente de Alcalde e así o subscribo, quen non quere debater, quen non ten proposta para esta cidade é quen se ten que marchar. Moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Quero amosar o meu rexeitamento pola actuación do Grupo Popular. O que acaba de ocorrer neste Pleno é dunha gravidade extrema, absolutamente fóra das normas democráticas de funcionamento e fóra do que os cidadáns de Vigo deben esperar do Grupo maioritario deste Pleno.

Acaba de haber un abandono dos membros do Grupo popular deste Pleno sinxelamente porque na Xunta de Voceiros se lembraron as normas de funcionamento dun Pleno. Un Pleno é unha institución regulamentada onde ten que haber normas de funcionamento...

Na súa intervención a Presidencia foi interrompido en varias ocasións por berros formulados por persoas presentes no salón de Plenos, tendo que pedir silencio en varias ocasións.

A PRESIDENCIA: Prégolles que garden silencio. Saben que estamos actuando e malia estas voces ímolo seguir facendo, imos seguir defendendo ás dúas persoas

afectadas que están interrompendo este Pleno, estámolas defendendo diante do Ministerio de Fomento e sábeno. Saben que os que abandonaron este Pleno non as defenderon e nós si o estamos a facer. Polo tanto prégolles que garden silencio porque vou ter que suspender o Pleno e de seren así non será o mellor que lles poida pasaren ós afectados porque van tomar nota noutros sitios do que está a pasar aquí.

Saben que estamos intercedendo sen parar, sábéo perfectamente o representante de seu, non interrompan máis o Pleno.

Neste intre, sendo as nove horas e trinta e sete minutos, a Presidencia levanta a sesión. Continúase a sesión plenaria ás nove horas e corenta e cinco minutos.

A PRESIDENCIA: Continúase o Pleno da Corporación. Querería proseguir dicindo que as formas de comportamento democráticas efectivamente non son iguais as de todos. Nestes momentos representantes do goberno da cidade están falando coas persoas que hai un rato se manifestaban aquí e polo tanto este goberno é sensible ás demandas das persoas afectadas polas expropiacións do AVE.

Coidamos que iso non xustifica, nin debe xustificar en ningún caso, manifestarse e interromper un Pleno, pero en todo caso nestes momentos estase falando con esas persoas, estáselles transmitindo cales son as actuacións que o goberno está levando adiante para rematar con esa situación de provisionalidade daniña para os propietarios de catro vivendas en Teis.

Pero debo dicir que nun Pleno asumimos un compromiso con estas persoas afectadas: que dende o Ministerio de Fomento se ía dar a posibilidade de proceder coa expropiación ou revertela. Esa proposta permanece en pé e vai ser a que efectivamente se leve cara adiante. Debo informar ó Pleno que se están facendo os trámites necesarios para que iso se concrete e está a requirir de tempo, como o requiren todos os procedementos administrativos regulamentados dende a administración, tempos que polo tanto non se poden saltar nin reducir, pero quero manifestar publicamente que estamos mediando e que o Ministerio de Fomento xa asumiu a proposta que dende esta Alcaldía se fixo e neste momento xa se está falando cos afectados para lles comunicar a

situación de negociación do que lles afecta, as expropiacións. Dicirlles que efectivamente imos seguir pendentes desta cuestión ata que se resolva satisfactoriamente.

A partir de aí retomo a intervención que estaba realizando sobre o feito grave do abandono do Partido Popular deste Pleno. Este Pleno é a manifestación democrática máxima desta cidade. Aquí estamos os vinte e sete concelleiros e concelleiras elixidos polos cidadáns para levar adiante os proxectos de goberno e os proxectos de desenvolvemento dos diferentes grupos políticos que fomos elixidos.

Todos os Plenos de todos Concellos e todos os Parlamentos do mundo teñen normas que regulamentan o desenvolvemento. Aquí estableceuse unha norma dende o principio do mandato dunha utilización razoable do tempo. Esta utilización razoable do tempo estableceuse hai dous anos, aplicouse durante estes últimos dous anos e non sempre foi atendida pola parte do Grupo popular. En opinión do Alcalde e dos dous grupos políticos permitíase unha flexibilidade excesiva porque significaba en primeiro lugar a duración interminable dalgúns plenos e en segundo lugar algo máis grave que era que algúns dos intervenientes facían intervencións en exceso e outros atíñanse ós tempos asignados. Iso significaba unha clara discriminación negativa en contra dos que atendían a norma e positiva na contra dos que non a atendían.

En todo caso debo dicir que os tempos asignados, dez, cinco e tres minutos, dezaoto minutos en total, son superiores neste Pleno que no Parlamento de Galicia. Damos máis tempo de expresión en cada moción no Pleno no Concello de Vigo que dá o Regulamento elaborado polo Partido Popular no Parlamento de Galicia. Debo dicir que damos máis tempo que o que se dá na maior parte dos Concellos de España e tamén debo dicir que os Plenos deste Concello son os que duran máis tempo de todas as cidades de Galicia, polo tanto nin unha soa limitación democrática, sinxelamente regulación acordada polos grupos.

Pero o Partido Popular entende a democracia dun xeito singular, enténdea coma o que deciden eles. O Partido e o Grupo Popular non atende ás decisións pactadas e da maioría. Aténdelas se son as que eles deciden e non o fan se non son as que eles deciden. É o comportamento máis antidemocrático que se está

mantendo nos concellos de España: dous anos de mandato e tres abandonos de Pleno. O primeiro foi cando fixemos un orzamento para pagar as débedas do Partido Popular. Houbo unha decisión extraordinaria nun plenario para pagar as débedas de seu e o Partido Popular abandonou. O segundo abandono foi pola cortesía do Alcalde de atender ós medios de comunicación sobre un tema que nada tiña que ver con este Pleno. O terceiro, hoxe, porque os dous grupos que conforman o goberno deciden establecer unha norma de funcionamento democrática establecida xa hai dous anos; sinxelamente porque se establecen regras e normas democráticas fixadas na Xunta de Voceiros que é onde se deciden estas cuestións.

O Grupo popular está tomando decisións que non teñen precedente en ningún Concello de España, en ningunha administración democrática de España, en ningún Parlamento autonómico de España e por suposto nin no Congreso dos Deputados nin no Senado. Isto obedece a un xeito do Partido Popular de non entenderen que non foron votados maioritariamente para gobernar esta cidade. O Partido Popular en Vigo logo de dous anos non asumiu que perdeu as eleccións e está nunha oposición chea de insultos, de agresións políticas e de desplantes á cidade como o que acaban de facer agora.

Nós imos seguir mantendo o goberno e a democracia, as normas e os debates; seguiremos aquí gobernando e neste Pleno debatendo democraticamente, aceptando o que os cidadáns decidan en cada momento e tratando de traballar pola cidade.

Isto que acaba de facer o Partido Popular aquí foi unha farsa, é a terceira farsa do Grupo Popular neste Pleno, abandonando sinxelamente pola súa inconveniencia para debater algunha das cuestións que viñan na orde do día do Pleno de hoxe, algunha como a Carta da Cidade especialmente relevante neste momento. Debater da Carta da Cidade hoxe, na cidade de Vigo, onde a Xunta está a facer un grave incumprimento das súas obrigas con esta cidade, cousa que hoxe ía quedar clara, é a razón que está no fondo deste abandono do Grupo Popular.

En todo caso nós imos continuar co Pleno democrático atendendo ós cidadáns de Vigo como estamos facendo neste mesmo momento coas catro persoas afectadas polo AVE.

- 11.- (83).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A POSTA EN MARCHA DUN PROGRAMA DE AXUDAS ÓS COMERCIANTES.
- 12.- (84).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO A ENTREGA ÓS GRUPOS MUNICIPAIS DO BORRADOR DA CARTA DA CIDADE.
- 13.- (85).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A CONVOCATORIA DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO.
- 14.- (86).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO ADOPTAR NOVAS MEDIDAS DE TRÁFICO SOBRE TODO NAS ZONAS SATURADAS E CONFLITIVAS.
- 15.- (87).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A PRESENZA DA POLICÍA LOCAL EN LUGARES CONFLITIVOS EN TANTO NOS SE APLICA A NOVA ORDENANZA REGULADORA DA CONVIVENCIA CIDADÁ.
- 16.- (88).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO A PRESENTACIÓN DO PLAN DE MUSEOS MUNICIPAIS E CUMPRIMENTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLO PADROADO DO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN.
- 17.- (89).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO A CONTRATACIÓN DE TÉCNICOS PARA DESENVOLVER O PLAN LOCAL DE DROGAS.
- 18.- (90).- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO DE FORMA URXENTE E EXCEPCIONAL PARTIDA PRESUPOSTARIA PARA OS CLUBS DEPORTIVOS DA CIDADE.

Segundo o manifestado anteriormente, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, retirou da orde do día as anteriores mocións correspondentes ós números da orde do día 11 ó 18, ambos incluídos, ausentándose o citado grupo do salón do Pleno.

URXENTE:

A.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS DO BNG E DO PSdeG-PSOE INSTANDO A MEDIACIÓN DA XUNTA DE GALICIA NO CONFLITO DO SECTOR DO METAL.

ANTECEDENTES.- O tenente de alcalde Sr. Domínguez Olveira, polo grupo municipal

S.Ordinaria 25.05.09

do BNG e o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, por escrito de data 25 de maio, formulan a seguinte moción:

“A cidade de Vigo, ten no sector industrial do metal, un dos seus alicerces económicos máis relevantes, tanto polo seu peso específico no produto interior bruto, coma no emprego que xera e do que viven moitas familias da cidade. Nos últimos anos os/as traballadores/as teñen feito un especial esforzo para impulsar e dar saída ás crises sufridas tanto nos anos oitenta como na primeira etapa dos noventa. Mantívose un crecemento salarial moderado, pactáronse sempre acordos nos que en moitas ocasións sacrificábanse parte dos cadros de persoal e cedese en procesos de prexubilación non beneficiosos para os intereses dos traballadores. Nos últimos anos moitas empresas do sector, cumpren as súas obrigas cos traballadores/as, manteñen unhas relacións laborais normais, aplican razoablemente os acordos e negocian en condicións os futuros compromisos. Sen embargo, outras veñen de utilizar fórmulas de contratación fraudulentas, incumprimentos dos pactos e convenios asinados e presións sobre os traballadores e traballadoras intolerables dende a perspectiva duns dereitos laborais mínimos. Este sector empresarial está a recibir apoios foráneos de organizacións patronais, que procuran non unha solución ao conflito laboral en Vigo, e si a procura doutros intereses máis espurios.

Mentres tanto a Xunta de Galicia e os seus representantes en Pontevedra, manteñen unha exigua mediación formal, que non vai máis aló de procurar sentar nunha mesa ás partes, despois de serlle demandada con insistencia esta actuación. Unha mediación para que sexa tal debe asumir un papel máis activo, entendendo as propostas de cada quen e formulando alternativas ou propoñendo solucións ás partes. Se isto non se fai así a mediación é prescindible.

Por todo o dito, os grupos municipais do BNG e PSdeG-PSOE, solicitan ao Pleno da corporación a aprobación dos seguintes acordos:

- 1.- Os grupos políticos da Corporación fan unha chamada ás partes a que retomen a senda da negociación e do diálogo como única vía para dar solución ás demandas presentadas.
- 2.- Demandar da Xunta de Galicia un compromiso de mediación activa, non puramente formal, por parte das súas autoridades, procurando remover os obstáculos e facilitando as propostas que poidan dar cabida aos intereses razoables das dúas partes.”

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Esta é unha moción urxente que presentamos os dous grupos do goberno: Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego.

A urxencia ven xustificada porque toda a cidadanía viguesa estamos a contemplar un conflito laboral importante como é o dos traballadores e traballadoras do metal. Cremos que esta moción é urxente porque aínda hoxe se está negociando e discutindo, en definitiva estase afondando en buscar unha solución a un sector tan importante como é o do metal. De aí que coidamos dende os dous grupos que era

urxente presentar esta moción.

Queremos empezar dicindo dende o Bloque Nacionalista Galego que cando uns traballadores e unhas traballadoras saen á rúa para defender os seus lexítimos dereitos, cando se proclaman en folga, cousa que é absolutamente legal porque é un dereito que todos e todas os traballadoras teñen, que cando perden un día de traballo fano sen ningunha dúbida por reivindicar algo que nunca esta sociedade debe perder de vista. Estamos nunha sociedade libre e democrática e nunha sociedade onde o peso fundamental da riqueza produtiva e da economía está en mans, non dos grandes empresarios, senón dos traballadores e traballadoras deste país. Sen o traballo, sen o esforzo, sen o sacrificio de moitos traballadores e traballadoras desta cidade, deste país, Galicia, dificilmente hoxe poderíamos ter as cotas de benestar social, de calidade de vida, de prosperidade que hoxe temos.

Queremos deixar isto de entrada porque malia as molestias que supoñen as súas reivindicacións, malia os cortes de tráfico, malia evidentemente de que moitas veces mesmo se atranca unha cidade por esas manifestacións e por suposto que non seremos nós quen defendamos ningún acto violento, pero si que esas molestias que moitas veces se orixinan nos deben facer reflexionar tamén que son molestias que nos van vir ben a calquera dos traballadores e traballadoras que queremos seguir vivindo nesta cidade porque todos á fin e ó cabo debemos sentirmonos así: traballadores e traballadoras desta cidade.

Estando dicindo moitas cousas desta folga, mesmo se reúnen os empresarios para facer esas medidas de forza e de presión para pedir que os defendan. Nós preguntámonos se algunha vez os empresarios do metal nesta cidade e nesta provincia estiveron indefensos, se algunha vez os empresarios deste importante sector preocupáronse das indefensións laborais, sociais e de coberturas públicas dos traballadores e das traballadoras.

Tampouco podemos facer aquí unha táboa rasa. Hai empresas no sector naval, no sector do metal, que están cumprindo os acordos pactados, que están levando adiante unha política laboral que defende os dereitos dos traballadores e traballadoras. Hai empresas que están redistribuíndo parte da riqueza que xeran os traballadores e traballadoras neles e nelas. Pero hai empresas, e son ás que se dirixen os traballadores e traballadoras, que dentro do sector do metal veñen incumprindo taxativamente os convenios asinados, veñen facendo da precariedade laboral unha bandeira, en definitiva veñen facendo do despedimento e das malas

condicións laborais un xeito de actuar. Contra estas empresas non só deberían protestar os traballadores e traballadoras, senón tamén os propios empresarios do sector que son coherentes, honrados e que loxicamente tamén defenden ós seus propios traballadores, porque os hai. Contra estas malas actuacións, contra esta indefensión que moitos empresarios fan sobre os traballadores e traballadoras deberíamos solidarizarnos todos.

E hai un terceiro pé que para o BNG é moi importante: onde está a administración que ten a maior competencia sobre o emprego no noso País que é a Xunta de Galicia? Non vale sinxelamente con sentarse a unha mesa, como fixo a Sra. Molares o primeiro día da súa toma de posesión, e erguerse inmediatamente porque non hai acordo.

Nós queremos esixir da Xunta de Galicia neste tema que haxa unha mediación e unha moderación moito máis activa da que hai nestes momentos. Mediación activa significa implicarse abríndolle os ollos ós empresarios do sector, indicándolles o camiño que é necesario para que nun tempo de crise non se siga afondando na indefensión dos traballadores e traballadoras, unha mediación activa que signifique tamén escoitar ás dúas partes, pero non poñerse de primeiro momento de parte dunha, de parte da máis poderosa. Para nós e fundamentalmente para os traballadores e traballadoras, para a sociedade en xeral, unha mediación activa significa implicar todos os recursos que dende a Consellería de Traballo se teñan para que este conflito remate por fin e do mellor xeito. Unha mediación activa significa implicación, adquirir compromisos e iso é o que non está facendo nestes momentos a Xunta de Galicia.

Por todo isto, os dous grupos que formamos o goberno, aínda que xa non imos poder seren os tres porque por desgracia o Partido Popular ausentouse desta Corporación, aínda que evidentemente non fan falta que estean, sabemos do lado que están: do lado que está sempre a dereita, non fai falla que nolo digan, solicitamos do Pleno da Corporación a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro: os grupos políticos da Corporación fan unha chamada ás partes para que retomen a senda da negociación e do diálogo coma única vía para dar solución as demandas presentadas.

Segundo: Demandar da Xunta de Galicia un compromiso de mediación activa, non puramente formal, por parte das súas autoridades procurando remexer os obstáculos e facilitando as propostas que poidan daren cabida ós intereses razoables das dúas

partes.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Estamos diante do convenio provincial do metal cunha ampla incidencia na nosa cidade e dende logo que en amplos sectores industriais e produtivos: o naval, talleres eléctricos, de reparación do automóbil..., é dicir, unha das maiores industrias que temos na nosa cidade.

É este un convenio que se ben é certo que se ven desenvolvendo nos últimos anos cuns conflitos previos, tamén é certo que malia esa conflictividade sempre se acadou un acordo porque os traballadores en época de bonanza dalgún xeito fixeron un exercizo de responsabilidade. Agora, cando hai un menor crecemento económico, é cando a patronal tenta sacaren vantaxe fronte ós traballadores para que sexan eles os que paguen a crise.

Polo tanto dende o Grupo municipal Socialista queremos amosar o noso apoio ós traballadores e traballadoras do sector do metal na nosa cidade. Así mesmo, facer un chamamento importante á patronal pedíndolle que se sente a negociar con fórmulas serias e con responsabilidade. Se as organizacións sindicais foron responsables en épocas de bonanza, eles teñen que seren tamén responsables nesta situación.

Ademais o acordo é posible. Semella que estamos acostumbrados por algúns a que previamente a un acordo haxa conflictividade. Neste convenio tamén temos que aprender que é posible chegaren a acordos sen conflictividade previa.

Dito isto, coidamos ademais que esas relacións laborais, sempre difíciles entre empresas e traballadores e máis neste sector, se deben normalizar. É certo que abrangue sectores variados, que uns están en mellor situación que outros, pero as relacións se deben normalizar porque non podemos estar convenio tras convenio sendo o foco de atención non só de Galicia, senón do resto do territorio de España e trasladando unha imaxe que quizais moitos empresarios do sector non merecen pero dende logo os traballadores tampouco.

Non imos falar aquí das molestias que se poidan padecer por mor da conflictividade e das folgas porque ó final nesta cidade todos somos traballadores e sabemos o que ás veces custa acadar un bo convenio, unhas boas condicións laborais, en definitiva un marco de condicións laborais lóxico e decente.

Tamén se está a poñer en evidencia a falta de competencias da Delegada da Xunta de Galicia en Vigo, unha comisaria política (xa non podemos dicir que Delegada) porque se efectivamente pode ter competencias en traballo para catorce municipios,

non sei por que non pode ter competencias para un convenio provincial coma este que abrangue moitos máis municipios na provincia de Pontevedra. O que estivo a facer esta Delegada nos últimos días con este convenio foi unha simulación para a foto.

Tamén temos que denunciar á Conselleira de Traballo quen se veu facer unha foto con esta Delegada pero nin tan sequera se reuniu coas partes; nin cos traballadores, nin coas organizacións empresariais, aínda que o que si lle saíu moi fácil foi dicir que non lle ía tremer o pulso para asinar expedientes de regulación de emprego. Unha vez que dixo iso semella que en Galicia se dispararon os EREs e tamén que van teren facilidades pola parte desta responsable de Traballo.

No Grupo municipal Socialista estamos convencidos de que empresarios, traballadores e organizacións sindicais van chegaren a un acordo satisfactorio para as partes, pero non cabe dúbida de que tamén fai falla un pulo dende a administración autonómica que agora mesmo non se está a dar. Nestes momentos só se poñen ó dispor das partes pero non fan absolutamente nada.

Para rematar queremos amosar a nosa solidariedade cos traballadores e traballadoras deste sector tan importante e facer un chamamento á responsabilidade das partes para que acaden un acordo que marque unhas relacións laborais consonte cos tempos nos que estamos e que permitan que esta cidade sega mellorando a súa economía e xerando emprego nun sector que é vital.

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos catorce membros presentes da Corporación, dos vintecinco que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polos grupos políticos municipais do BNG e do PSdeG-PSOE, instando a mediación da Xunta de Galicia no conflito do sector do metal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (91).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon rogos nin preguntas.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás horas e dez horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.